

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas e cinco minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil doce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez, don Eladio Mangana Novoa e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2012.-**

O Sr. presidente preguntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de setembro de 2012, que foi distribuído coa convocatoria da sesión e manifesta que se corrixiu un erro na relación de asistentes, xa que figuraba don Antonio Mouriño Villar cando xa non tiña a condición de deputado provincial

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que no Pleno anterior se suscitou un debate polas palabras que dixo o deputado e alcalde de Xinzo, don Antonio Pérez Rodríguez, na súa intervención. Despois de escoita-la gravación do Pleno o seu grupo segue mantendo a mesma postura, polo que pide que na Xunta de Portavoces se senten os tres voceiros para escoita-la gravación e discuti-lo que se dixo que, ademais, está ratificado por un funcionario. Deste xeito non haberá ningún tipo de dúbida e non haberá que acudir a outras instancias. Con esta salvidade o seu grupo non vai aprobar esta acta.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

O Sr. **presidente** entende que, con esta salvidade, o Grupo Socialista aprobará o resto do contido da acta e anuncia que na próxima reunión da Xunta de Portavoces terase a oportunidade de revisar novamente o que se dixo para que o portavoz do Grupo Socialista conclúa o que queira concluír.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, reitera que o seu grupo non vai aproba-la acta neste sentido, porque se din cousas que eles entenden que non son veraces e polo tanto non a van aprobar ata que todos exerzan o exercicio de responsabilidade, porque un funcionario público estalle dando validez a algo que tódolos deputados do seu grupo entenden que non é así.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de setembro de 2012, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do BNG (2) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8), queda aprobada a dita acta.

**2º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA O PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA TÉCNICA, ECONÓMICA E XURÍDICA ÓS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2012.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que no Pleno que tivo lugar o día 27 de xullo de 2012, o BNG votou en contra das bases reguladoras do Programa Provincial. Este punto é a consecuencia do Decreto aprobado pola xunta de Galicia, pola cal se desentende dunha competencia en materia de servizos sociais, pasándolle-la pataca quente ós concellos. O BNG defendeu e segue a defender que debe se-la Xunta, e non as deputacións, a que debe mante-lo financiamento do servizo de axuda no fogar, tamén ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, e evita-las graves consecuencias que, á vista da proposta que se traslada, vai traer consigo esta decisión con consecuencias moi graves para os propios usuarios, xa que van ter que incrementa-la participación económica, para os traballadores e traballadoras que realizan o servizo, xa que perderán o seu emprego pasando a incrementa-la alta taxa existente de paro, e para as depauperadas arcas municipais que, no mellor dos casos, van ter que facerlles

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

fronte con recursos propios para manter un servizo de calidade que cubra a alta demanda existente, e, no peor, deixar á xente sen poder atendela. Por se fora pouco, as bases que se aprobaron, ademais de arbitrarias e inxustas na consignación de recursos económicos ós concellos, non tiveron en conta a implantación do servizo nin o nivel de esforzo da cada un deles, non se axustan ós parámetros fixados no propio decreto aprobado pola Xunta, incumpren un acordo da Comisión Executiva da FEGAMP, aprobado por unanimidade de tódalas forzas políticas, que instaba á Xunta a que mantivese as consignacións ó nivel do ano 2010 para a prestación de servizos sociais por parte dos concellos, cantidades que, como se pode apreciar, non se corresponden coas do ano 2010, senón coas de 2011, nas que xa se producira un importante recorte do 50% respecto do ano anterior. Polo tanto, aínda podendo entende-lo esforzo económico que comporta asumir desde a Deputación o plan de servizos sociais, e de xeito particular o servizo de axuda no fogar, o BNG non pode compartir nin a filosofía de fondo, pola cal a Xunta se desentende dunha competencia propia, asignándolles un papel ás deputacións que non lles corresponde, nin a distribución económica que nin tan sequera cubre as necesidades mínimas de cobertura e deixa a moitos concellos sen apenas recursos para poder dar un servizo de calidade. Cando din que as bases son arbitrarias están a referirse a que na distribución de fondos non se contemplan cuestións básicas, que fixa o propio Decreto da Xunta, como as unidades de convivencia ou as ratios de cobertura. Non debería resultar complicado obte-los datos de xeito individualizado e ter así un elemento obxectivo que permita saber como se está a presta-lo servizo de axuda no fogar nos distintos concellos e cal é a dimensión do servizo en cada un. Adianta que o BNG vai votar en contra.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** anuncia a abstención do seu grupo, aínda que si aprobaron as bases no seu día. Comparte a análise que fixo o portavoz do BNG en canto a que as bases son inxustas e non se axustan ó decreto mencionado. Entenden que é unha pataca quente que se lle pasa á Deputación e esta fai un esforzo, aínda que non lle corresponda. O seu grupo é responsable e de vocación de goberno e como tal teñen que estar nas institucións ás que lles pasan competencias impropias e inxustas, para intentar corrixir eses problemas que se lles dan a todos. E isto non o din só eles, senón que nestas alegacións moitos concellos do Partido Popular lles veñen da-la razón dicindo que a aplicación destas bases é inxusta, porque isto era unha competencia da Xunta. Moralmente comparten moitas das reclamacións que se fan, porque, por exemplo, o Concello de Barbadás hoxe en día si que ten

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

dez mil habitantes, e houbo que aplicarlle unha ratio de nove mil setecentos, máis ou menos. Vanse abster porque entenden que a Deputación legalmente está aplicando as bases que se aprobaron anteriormente aínda que as reclamacións son totalmente xustas moralmente. Cre que as persoas que están nas institucións deben defende-las competencias que lles corresponden. Pensa que en 2013 ó mellor nin tan sequera hai oportunidade de facer alegacións e iso si que é preocupante.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** dille ó Sr. Rodríguez Puga que falou de todos menos do punto que se está a tratar, que se refire a unhas reclamacións duns concellos e non ó programa que se aprobou no seu día, que pode ser bo, regular, malo ou discutible, como case todo. Sorpréndelle a abstención do Grupo Socialista porque incluso se estima unha reclamación do Concello de Ribadavia. Pode estar de acordo en que moralmente poden ser xustas as alegacións pero o principio de legalidade está por riba de todo, e se o Concello de Barbadás a 1 de xaneiro ten os habitantes que ten nada se pode facer ó respecto, porque se aplican as cifras publicadas no BOE. Pensa que a campaña electoral xa pasou e todos saben moi ben que non se pode aplicar outro criterio que non sexan cifras oficiais, porque a moralidade cada un ten a súa. O punto que se trata refírese a reclamacións presentadas polos concellos e están suficientemente informadas polos técnicos e o Grupo Popular está totalmente de acordo.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG,** di que aínda que os seus argumentos sexan repetidos son congruentes coa posición que tiveron naquel momento, que foi votar en contra. Lembra unha frase que teñen os casteláns “de aqueles polvos estos lodos” e este asunto é a ratificación da arbitrariedade que se deu nas bases do programa.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** está sorprendido porque cre que o seu grupo está sendo suficientemente responsable. O seu grupo aprobou as bases elaboradas aínda que non estiveran de acordo co que se estaba a facer por parte da Xunta de Galicia, e os propios alcaldes do Partido Popular tamén cuestionan a moralidade ó presenta-las reclamacións. Non está aquí para facer campaña e a realidade do Concello de Ribadavia é que a reclamación que fixo non ten nada que ver con contías económicas senón que simplemente é cambia-la titulación dun traballador para que teña opción de traballo, así que non se pode manipula-lo que dixo. Reitera que a súa abstención ven dada porque moralmente non están de acordo co que se está a facer. Puxo o exemplo de Barbadás igual que podería poñer outro e non

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

puxo ningún exemplo do Partido Socialista para que non se lle devolvese a pelota, non se pode buscar conflictividade onde non a hai. O seu grupo está sendo responsable, xa o foi na aprobación das bases e neste punto non se lle pode pedir máis, aínda estando totalmente en desacordo co que fixo a Xunta de Galicia. Le unha declaración do Sr. Álvarez Dobaño, co seguinte contido: *“o portavoz do grupo provincial do PP, Plácido Álvarez, aproba completamente a decisión do presidente. Se a Xunta delega na Deputación a xestión económica dos servizos sociais nós non temos por qué asumir os gastos dun centro educativo”*. Reitera que non se pode buscar conflito onde non o hai. Sabe que a campaña electoral xa rematou e como democrata está convencido de que os cidadáns teñen a razón, pero iso non quita que o Grupo Socialista teña que seguir a defende-lo que cren que non é correcto.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, pensa que parece que aínda queda algo de tensión como consecuencia das pasadas eleccións. Dille ó Sr. Rodríguez Puga que a súa intención non foi recriminarlle nada e que non será el quen cuestione a súa lexítima postura. Dille ó Sr. Gómez Pérez que non estamos aquí para aplicar criterios de moralidade, porque cada un dos vinte e cinco que compoñen a Corporación tería o seu e non sabe como se podería plasmar iso nun papel. O principio de legalidade está para cumprilo e todo o demais e oportunismo e querer quedar ben. Todos saben que non se poden aplica-las cifras do INE se non son oficiais e non paga a pena estar falando disto. Reitera que non entenden a abstención do Grupo Socialista, porque aprobaron as bases que se elaboraron. Cuestionan a cantidade coa que se dotou o programa, porque no canto de oitocentos cincuenta mil euros facían falta un millón oitocentos cincuenta mil e seguramente tamén se quedaría corta, pero a realidade é a que é, igual que en tódolos sitios. O punto que se trata hoxe é a resolución dunhas reclamacións que presentan algúns concellos e non hai ningunha outra consideración. Cre que non está debidamente xustificada a abstención do Grupo Socialista porque non se referiu ó punto que nos ocupa. Pregúntalle ó Sr. Gómez Pérez se el e os seus compañeiros están ou non de acordo en acepta-la reclamación de Ribadavia; se están ou non de acordo e desestima-la reclamacións presentadas por Baltar, Blancos e Calvos de Randín, etcétera, xa que non se referiu en ningún momento a elas.

O **Sr. presidente** intervén porque se fixo alusión a que a Xunta lle empacquetara esta competencia ás deputacións provinciais e lembra que este Decreto autonómico procede da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e todos sabemos con que votos se aprobou, en que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

lexislatura e quen formaba parte do goberno de Galicia nese momento. O artigo 63 desa lei é o que establece a atribución desta competencia ás deputacións provinciais.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestima-las reclamacións formuladas polos concellos de Calvos de Randín, Baltar e Os Blancos, todas elas consistentes na solicitude dunha ampliación da contía da subvención para o servizo de axuda no fogar, ó non existir crédito orzamentario adecuado e suficiente para atender as ditas solicitudes.

2º.- Estima-la solicitude formulada polo Concello de Ribadavia, no sentido de considerar subvencionable a contratación de persoal con titulación de psicoloxía para a realización das funcións de educador social co mantemento da subvención correspondente no importe de 15.013 euros.

3º.- Desestima-la reclamación formulada polo Concello de Barbadás, na que se argumenta que dado que o concello ten actualmente máis de 10.000 habitantes lle corresponde unha subvención para unha UTES, xa que para a elaboración do programa se tiveron en conta as cifras oficiais de poboación ó 1 de xaneiro de 2011, conforme coa que o Concello de Barbadás ten unha poboación de 9.731 habitantes, polo que non lle corresponden ningunha subvención no concepto reclamado.

4º.- Desestima-la reclamación formulada polo Concello de San Cristovo de Cea, que solicita que se teña en conta o disposto na base III.2.b do programa, por canto a aplicación do coeficiente previsto no dito apartado xa se levou a cabo no programa aprobado o 27 de xullo de 2012.

5º.- Desestima-la reclamación formulada polo concello de Carballeda de Avia, na que se solicita que a subvención por unidade de convivencia no servizo de axuda no fogar se calcule aplicando o módulo económico de 800 euros, por canto as bases do programa non empregan o dito módulo (nin existe ningunha norma que obrigue a empregalo) determinándose a contía da subvención mediante a división do crédito orzamentario dispoñible entre o número de unidades de convivencia resultante, tal e como se recolle nas propias bases.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

6º.- Desestima-lo requirimento de revogación do programa formulado polo Concello de Maside, no que se alega que a contía aplicable por unidade de convivencia debe ser de 800 euros e que houbo un trato discriminatorio respecto doutros cun menor número de unidades de convivencia, porque, en primeiro lugar non existe obrigación legal de utiliza-lo módulo de 800 euros para a determinación da contía da subvención, que conforme co establecido na base III.1 se fixa aplicando o importe resultante de dividi-lo crédito orzamentario dispoñible entre o número de unidades de convivencia; e en segundo lugar porque a concesión de subvencións maiores a concellos como o de San Cristovo de Cea ou Avión, obedece á aplicación dos criterios correctores establecida na base III.2.b que son aplicables ós concellos que recibiran no ano 2011 unha subvención da Xunta de Galicia superior á prevista no actual programa provincial, como é o caso de San Cristovo de Cea e Avión, suposto que non é aplicable ó Concello de Maside dado que este último recibiu no ano 2011 unha subvención da Xunta inferior á prevista no actual programa provincial.

**3º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR COMÚN DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG,** di que este acordo se debe a unha reforma laboral que se realizou a nivel estatal, que diminúe o número de baixas por enfermidade, incluso en procesos de enfermidade aguda. A consecuencia lóxica de que a xente non colla esa baixa é que se reducirá a capacidade laboral, incrementándose a posibilidade de producirse sinistros de maior ou menor gravidade. O BNG congratúlase deste acordo, porque mellora as condicións e amplía o catálogo de causas polas que os traballadores se poden beneficiar do 100% desde o primeiro día, pero tamén é unha mellora que ven dada por un importantísimo retroceso en materia laboral. Anuncia a abstención do seu grupo.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** anuncia que van votar a favor deste punto. Isto é consecuencia da aplicación dunha reforma laboral. Hai puntos que se negociaron cos sindicatos e non van ser eles os que poñan en dúbida o seu labor nesta casa. Non

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

procede entrar en valoracións morais sobre a reforma laboral e vanse cinguir ó punto que nos ocupa que é un acordo ó que se chegou cos sindicatos que son os representantes dos traballadores.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dálle as grazas ó Sr. Gómez Pérez polo seu apoio e lembra un chiste no que nun batallón un soldado levaba o paso cambiado e cando lle chamaron a atención contestou: meu capitán, quen leva o paso cambiado é o batallón. Respecto a este asunto di que houbo varias reunións e na mesa de negociación do pasado 5 de outubro houbo acordo unánime cos representantes dos traballadores, é dicir, con CCOO, CSIF, CIG, Xunta de Persoal e Comité de Empresa (a UGT non se presentou) para levar a cabo este acordo, que se asinou o pasado día 15. Este é o asunto que temos que tratar, aínda que estamos no dereito e na obriga de dar calquera outra opinión e cre que iríamos co paso cambiado se fosemos en contra. Non entende a abstención do BNG, pero as posturas son todas lexítimas. As leis están para cumprilas, gusten ou non gusten, aínda que podemos estar en desacordo con elas, pero desde que saen publicadas no BOE hai un principio de legalidade.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, di que a súa abstención ven dada porque a reforma laboral é un prexuízo para os traballadores e traballadoras deste país e tamén o é no tema das baixas. O BNG entende que a situación dos traballadores, con anterioridade a esa reforma laboral, era máis beneficiosa que a que se regula neste acordo. Polo tanto, aínda que non van ir en contra do que se acordou cos representantes sindicais, vanse abster porque as condicións que se recollen neste acordo son pésimas para os traballadores se se comparan coas que había antes da reforma laboral.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que tiña pensado no próximo punto preguntarlle ó Sr. Álvarez Dobaño o que van votar, pero non o vai facer. Pensa que hai moitos pasos cambiados e que por suposto hai que cumprilas leis. Non quere lembra-la insumisión que formulaban algúns con respecto a certas leis. A responsabilidade vai por barrios e os cidadáns poden entender mellor ou peor, e o Grupo Popular ten un pouco de efervescencia polos resultados electorais pero estes resultados das urnas non dan dereito a validar todo. Pensa que se a UGT non se presentou será porque non está de acordo, aínda que a el non lle transmitiron nada. Se as organizacións sindicais chegaron a un acordo e ese acordo é o mal menor o seu grupo vai apoialo. Está de acordo en que hai que cumprila legalidade, pero pide que todo o mundo a cumpra, e cando outros gobernos elaboran leis non chamar á

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

insubmisión.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dille ó Sr. Gómez Pérez que entre eles teñen bo rolo e non é a súa intención dicirlle o que ten que votar, antes só dixo que non entendía o sentido do seu voto, igual que non entende agora a abstención do BNG. Se a UGT non está de acordo tiña que presentarse porque coa súa ausencia non se sabe se está ou non está de acordo. Poida que teñan efervescencia postelectoral, pero os pes no chan téñenos desde hai tempo, por iso están onde están. O Sr. Iglesias Pérez fala de que non lle gusta a reforma laboral e el ó mellor tamén podería falar da declaración da renda, que tampouco lle gusta nada. Como funcionario público fórmulle unha pregunta ó Sr. Iglesias Pérez: honrada e humildemente ¿vostede cre que era sostible a situación que había? Neste tema das baixas existía unha picaresca diaria e continua (vendimas, colleita da pataca, etcétera) e había baixas a esgalla. Agora pódennlle dicir que pagan xustos por pecadores e é certo, pero hai que poñerlles remedio ás cousas sobre todo na situación na que estamos, e deixarse de oportunismos. Os acordos cos traballadores están para axudar a quen o merece e non ó pícaro.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratifica-lo acordo regulador común do persoal funcionario e laboral da Deputación Provincial de Ourense en materia de prestacións económicas na situación de incapacidade temporal, nos termos do documento subscrito con data 15 de outubro de 2012 pola Presidencia da Deputación, o presidente do Comité de Empresa, a representación de CCOO, a representación da CIG, a representación de CSI-CSIF e o presidente da Xunta de Persoal.

2º.- Remitirlle o dito acordo á autoridade laboral para o seu depósito, rexistro e publicación.

**4º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN Ó PROCEDEMENTO DE CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, cre que isto consiste en definir un só consorcio para a provincia. Se isto é así van votar a favor porque é algo que o seu grupo xa reivindicou. Sen acritude, quere dicir que hai unha desconfianza en todo o que ten que ver co servizo de extinción de incendios, non con respecto a este punto, senón porque nalgún borrador que el coñece recóllese algo sobre traspasárille-las competencias ás deputacións. Quere deixar isto enriba da mesa, porque moitos alcaldes saben que pode haber a intencionalidade de que desaparezan os GRUMIR e outras cuestións. Pídelle ó presidente que estea vixiante con este tema polo ben de tódolos alcaldes e de tódolos concellos.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, durante os pasados meses ten acompañado ó Sr. secretario a diferentes reunións para a elaboración dun borrador de estatutos. O Pleno hoxe vaise adherir ó procedemento de constitución do Consorcio e nomeará ó Sr. presidente para que nos represente na comisión xestora. En canto os estatutos estean elaborados tódolos grupos terán coñecemento deles.

O **Sr. presidente** di que se trata de constituír un consorcio provincial único e na medida en que os estatutos estean nunha fase máis avanzada serán compartidos con tódolos grupos políticos da Deputación, a través da Xunta de Portavoces. A propia constitución do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e salvamento tamén figuraba no plan estratéxico da Deputación, cun horizonte temporal de xuño de 2013.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Acorda-la adhesión da Deputación Provincial de Ourense ó procedemento de constitución do Consorcio provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

2º.- Designar como representante da Deputación Provincial na comisión xestora do Consorcio, ó presidente da Deputación Provincial, don José Manuel Baltar Blanco.

**5º.- BAIXA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA SECCIÓN DE MUNICIPIOS DE AUGAS MINERAIS E TERMAIS DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP).-**

O Sr. Secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que Ourense trata de ser nos últimos anos non só un dos referentes do turismo termal en Galicia senón que quere abrirse un oco e converterse nun referente a nivel de Estado e mesmo internacional, como se testemuña coa feira internacional sobre termalismo Termatalia Ourense, que se celebra anualmente, na que participan numerosos países referentes no ámbito do termalismo. Por iso, e máxime neste contexto de crise, é máis necesario que nunca apoiar económica e institucionalmente ó sector termal, e por ende a gran riqueza termal da provincia como elemento singular e xerador de riqueza. Na actualidade a provincia de Ourense dispón de varios balnearios espallados pola provincia, que están a ser un punto de atracción para moitos cidadáns doutros territorios que nos visitan e tamén para os propios cidadáns da provincia. Mesmo o anterior presidente da Deputación de Ourense, José Luís Baltar, presentara na Feira Internacional de Turismo (FITUR) dentro das grandes liñas estratéxicas de promoción da provincia, un produto asociado ó Termalismo, que entra de cheo no mundo da cosmética, a base de auga termal da provincia. Por iso non poden entender que, tratándose dun dos maiores e mellores recursos con que contamos, recurso que está a xerar riqueza, emprego e valor engadido, a Deputación Provincial de Ourense decida darse de baixa da FEMP, en particular da Sección de Municipios de Augas Minerais e Termais, aducindo, por unha banda, que a nosa presenza nese foro non produciu ningún resultado salientable en materia de promoción do termalismo na nosa provincia (isto é o recoñecemento explícito de que os nosos representantes nese foro non fixeron ben o seu traballo) e por outra banda que a redución de 3.000 euros, que é o custo que lle supón á Institución Provincial, se considere prescindible.

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista**, di que os membros do Grupo Socialista da Corporación Provincial teñen serias dúbidas á hora de votar esta proposta e explicará por que poderían votar que si ou que non. Se o que propón o Grupo Popular é o principio do fin, é dicir, o desmantelamento sistemático, sen presa pero sen pausa, deste Pazo Provincial dirían que adiante e que poden formular unha liquidación desta institución á maior brevidade posible, cousa que avalarían con moito gusto os deputados e deputadas do Grupo Socialista polas razóns que todos coñecen e que foron amplamente debatidas neste salón de plenos e que non vai reproducir agora. Sinceramente cre que non é esa a sa intención do presidente, a de ceder un ápice da parcela recibida porque sería un mal herdeiro. Máis ben é o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

contrario xa que propón, sen ningún tipo de rubor, aforrar unha ridícula cantidade de diñeiro (3.000 euros anuais) - ridícula se a comparamos co orzamento desta Deputación, de setenta e un millóns de euros-. Todo isto a cambio de eliminar e apartar á provincia de Ourense da rede de institucións de ámbito nacional que apostan pola defensa dos intereses das entidades locais que contan con augas minerais e termais, co obxecto de contribuír ó seu desenvolvemento desde unha perspectiva socio - económica, urbana, cultural, sanitaria, turística e ambiental. A Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termais naceu no ano 2001, sendo ministro de Medio Ambiente por aquel entón don Jaime Matas e a presidenta actual desta sección (desde abril deste ano) é a alcaldesa de Lobios, dona Carmen Yáñez Salgado, todos eles membros do Partido Popular. Dille ó Sr. presidente que a súa aposta é a de illarnos do resto do mundo e desta non se sae construíndo casas, e pídelle que faga o favor de facerlles caso a algúns dos membros do seu partido. Hai só unha semana (o día 18 de outubro) publicouse a seguinte noticia no periódico La Voz de Galicia: *“El PP destaca el papel del termalismo en la fijación de población en el rural. El PP considera que el termalismo es una pieza clave para impulsar el turismo de salud, y que se hace necesario acometer actuaciones como la internacionalización del sector termal gallego. La Xunta apoyará con 1,7 millones de euros la creación de balnearios y talasos de Galicia”*. Se depende do Grupo Popular Ourense non vai recibir un céntimo. Pregúntalles que lle din do Plan 2012-2015, onde se fai unha redistribución das institucións, como pode se-lo Inorde, e fálase de sectores estratéxicos como é o termalismo ou o sector da lousa. Non entenden tanta contradición e espera que llo aclaren.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, pide que lle digan para que serviu, para que serve ou para que pode servir esta sección. É certo que está presidida pola súa compañeira dona M.<sup>a</sup> del Carmen Yáñez, alcaldesa de Lobios, e tamén hai un representante e defensor dese sector como é don Argimiro Marnotes. Se a oposición pensa que con 3.000 euros de achega a unha sección da Federación Española de Municipios e Provincias, é como realmente o PP e esta institución en particular poden defende-lo termalismo na provincia, moi pouco valor lle están dando a ese sector. En ningún momento se pode dicir que o PP non defendeu este sector, porque en Ourense hai moitas cousas herdadas que fixo ese partido, e seguramente fará moitas máis. Non se poden mesturar allos con bugallos. O plan de austeridade leva consigo tomar medidas, pero a oposición sempre critica, se aforran porque aforran e se gastan porque gastan, ou sexa, o que sempre di, pau se remas pau se non remas. Reitera a súa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

pregunta sobre para que serve pertencer directamente a esta sección en canto á promoción e defensa do sector do termalismo nesta provincia e non a través dos bos representantes como os que temos.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que non poden compartir que se poida considerar prescindible a presenza da Deputación nun foro como este, onde se adoptan decisións que afectan a un dos sectores onde a provincia de Ourense ten, non só unha enorme riqueza, senón un enorme potencial por desenvolver nos vindeiros anos. Isto só se pode entender como o desleixo do Partido Popular nesta Deputación para apostar por políticas que poñan o acento nos nosos sectores estratéxicos. Pensa que pertencer a esta sección serve para defende-los intereses que lle son esenciais á provincia e se non se defenderon ata o de agora é porque os representantes non fixeron ben o seu traballo. En canto á ridícula cantidade de 3.000 euros di que hai unha frase galega que di que *cando a raposa anda ós grilos malo*. Se o sector estratéxico da provincia é importante hai que apostar por el.

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista**, di que ata o de agora era imprescindible pertencer a esta sección, e agora que hai que aforrar imos aforrar nun sector que se considera estratéxico para a provincia. Insiste en que é unha contradición e como as obras son amores e non boas razóns, vai dicir como aposta o goberno desta cidade polo termalismo. O día de onte, o concelleiro de termalismo, Sr. Vázquez Barquero, presentou unha campaña de marketing para desenvolver e promocionar Ourense como destino turístico termal de excelencia, sendo capaces de atraer investidores privados e públicos e converte-lo termalismo nun elemento dinamizador da cidade con claras e fortes transversalidades noutros sectores tales como a hostelería, a restauración e o comercio. O día 20 de xaneiro de 2012, o Concello de Ourense, por asentimento unánime, acordou aprobar definitivamente o Plan especial de protección do BIC, coa categoría de sitio histórico, do conxunto termal das Burgas e o seu contorno delimitado. Neste mes de outubro o concello de Ourense aprobou o estudo de detalle proxecto de reparcelación do cárcere, dos Vales de Outeiro, do xardín das Burgas, que neste momento está en información pública. Este mes de novembro abrírase o bulevar das traseiras das Burgas, o mesmo que pretenderon face-los membros do Partido Popular desde o ano 1994, pero tiveron que chegar os socialistas para abril, así como o centro de interpretación das Burgas que se inaugurará nos próximos días. Lembra que desfixeron un dos maiores pelotazos urbanísticos que se viu nesta cidade, porque o Partido Popular lle regalou 19.000 m<sup>2</sup> a uns

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

especuladores e os socialistas foron quen de rebaixar esta cifra ata 4.000 m<sup>2</sup>. Fronte todo isto, o PP desta cidade si fixo hai anos unha cousa polo termalismo, seca-las Burgas. Non lles estraña que lle queiran da-las costas ó futuro da nosa provincia. Para finalizar lembra un dito popular “os aforros tiran coas casas”, e pídelle o presidente que non malgaste cartos, pero que faga o favor de investi-los fondos públicos dos ourensáns e das ourensás na procura do desenvolvemento socio-económico desta provincia. Por todo isto, o seu grupo vai votar en contra deste punto.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que pediu humildemente que lle dixeran para que servía estar nesta sección, e a Sra. Vázquez Blanco non lle dixo nada, aínda que o Sr. Rodríguez Puga quixo apuntar algo. Lembra que el pertenceu á FEMP durante moitos anos e ten a sensación de que perdeu o tempo, porque ó final se falaba dos campos de golf e doutro tipo de cousas nas que el non pintaba nada. A FEMP ve os problemas a nivel moi xeral. Con isto non quere dicir que non sexa importante estar, porque sempre é bo estar, pero pregunta se é prescindible ou non, algo ó que non lle contestaron e só se dedicaron a facer carnaza como sempre. Pensa que xa estamos suficientemente representados nesa sección coa súa presidenta, dona M.<sup>a</sup> Carmen Yáñez alcaldesa de Lobios e don Argimiro Martones, un cualificado defensor. Pensou que a Sra. Vázquez Blanco estaba nesta Corporación como deputada, pero debeuse despistar e estivo exercendo de concelleira da cidade, porque da provincia non falou e o termalismo na provincia ten máis cousas que a cidade. Non lle gustou o que dixo sobre os pelotazos e pídelle que non fale diso coa que lles está caendo. O Partido Popular sempre defendeu e defenderá un sector estratéxico da provincia como o termalismo e non se pode confundir á opinión pública dicindo que o PP e a Deputación Provincial van deixar de defendelo por non pertencer a unha sección da FEMP (que segundo o BNG é moi importante estar alí, pensou que crían máis na FEGAMP). O PP está a favor de potenciar este sector e reitera que se a oposición considera que non achegar eses 3.000 euros xa é non defende-lo termalismo, que opine a cidadanía de Ourense.

O **Sr. presidente**, imaxina que para o BNG a FEMP é un organismo internacional e ter peso alí é importante. En relación coas cousas que dixo a voceira do Grupo Socialista que se fixeron, imaxina que se puideron facer porque a Deputación formaba parte da Sección de Vilas Termais, que é o que estamos a debater, non o que se fixo en Ourense cando chegaron os socialistas (que non gobernaban sos). Cando gobernaba o PP no concello elaborouse un plan

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

estratéxico de termalismo, que aínda está sen desenvolver. Falouse de que 3.000 euros é pouca cousa por deixar de pertencer a unha sección na que xa están perfectamente representadas tanto a provincia como a Deputación, porque a preside unha alcaldesa desta provincia e forma parte dela o deputado da Área de Termalismo, Argimiro Marnotes. Este ano no Concello perderon 150.000 euros por non asinar un convenio coa Secretaría Xeral de Turismo por non ter aprobados os orzamentos. Pensa que a xestión municipal eficiente que lles debemos pedir a tódalas administracións o concello non a ten, porque perder eses 150.000 euros sería o que a Deputación tería que pagar nos próximos 50 anos se seguise formando parte desa sección. O Grupo Popular di que o termalismo é estratéxico para a provincia e é perfectamente compatible con darnos de baixa nesa sección aforrando 3.000 euros. Lembra que el era voceiro do Partido Popular cando no Parlamento de Galicia se declarou a Ourense como capital termal de Galicia e o que queda fóra de toda dúbida é a aposta polo termalismo e terán máis probas no orzamento da Deputación para o vindeiro 2013, onde vai figurar expresamente unha aposta decidida polo termalismo desta provincia, que é o que representamos aquí, os intereses da provincia de Ourense.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Dar de baixa á Deputación Provincial de Ourense na Sección de Municipios de Augas Minerais e Termas da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), con efectos do 1 de xaneiro de 2013.

**6º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2012, RELATIVA ÁS OBRAS MUNCIPAIS DO CONCELLO DE GOMESENDE.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

- Acorda-la modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2012 relativa ás obras municipais do Concello de Gome sende, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Mellora na rede de saneamento dos núcleos de Gome sende, Cerdal e Sobrado”- a obra denominada “Mellora na rede de saneamento en Sobrado e Agrufeixe” cun orzamento de execución de 41.300,00 €, manténdose no plan complementario a obra denominada “Mellora na rede de saneamento en Fustáns, Garabelos, O Pao” cun orzamento de execución de 41.300,00 €.

**7º.- DESAFECTACIÓN DE PARCELA SOBRANTE NA ESTRADA PROVINCIAL OU-0303 VALDEPEREIRA-MASIDE, NO MUNICIPIO DE RIBADAVIA.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que non lle están gustando nada os termos que se están empregando nalgunhas cuestións e el tamén ten moitas cousas que dicir, incluso algún se podería ruborizar. Con respecto ó punto que nos ocupa, di que lle parece ben e que consultou esta desafectación, que é legal e que se pode facer perfectamente. Dille ó Sr. presidente que igual que se presume de certas cousas cando non veñen a conto, ata onde el sabe a cidade de Ourense tamén forma parte da provincia. A Deputación ten a competencia de arranxa-las súas estradas, e esta estrada leva en proceso de expropiacións vinte anos. Espera que, ademais de aprobar esta desafectación, a estrada se faga dunha vez por todas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, pensa que aínda están todos un pouco nerviosos, e todo o mundo sabe que a cidade forma parte da provincia, pero é só un anaco dela.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente a desafectación da parcela sobrance correspondente ó antigo trazado da estrada provincial “OU-0303 VALDEPEREIRA-MASIDE”, termo municipal de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

Ribadavia, reflectida no plano levantado polo Servizo de Vías e Obras e que forma parte do acordo de desafectación que no seu día se adopte polo Pleno da Corporación Provincial .

2º.- Autoriza-la venda directa da parcela desafectada á D<sup>a</sup>. Elisa Collarte Bernárdez, consonte co solicitado por esta, por ser propietaria lindeira da devandita parcela sobrante, ó abeiro do disposto no artigo 115.1 do RD 1372/1986.

3º.- Facultar á Presidencia para a sinatura do correspondente contrato de compra-venda.

**8º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NA XUNTA CONSULTIVA DO PARQUE NATURAL “BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS”, TRALA RENUNCIA DE DON ANTONIO MOURIÑO VILLAR COMO DEPUTADO PROVINCIAL.-**

Trala ratificación por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Designar a don Plácido Álvarez Dobaño, deputado provincial, para que na dita condición represente a esta Deputación na Xunta Consultiva do Parque Natural “Baixa Limia-Serra do Xurés.

**9º.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PROVINCIAL DE LAVACOLECTORES DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

Trala ratificación por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que o seu grupo cre que a Deputación debería equilibrar un pouco mellor na ordenanza a aqueles concellos máis rurais e tamén se debería facer unha discriminación positiva para aqueles concellos máis pequenos e humildes, que necesitan máis atención debido ós seus orzamentos precarios. Por outra banda, máis alá da necesidade do servizo, ó BNG dálle a sensación de que se está consolidando unha determinada dinámica para cando se externalice o servizo (tal e como anunciou o Sr. presidente na presentación do Plan Ourense). Adianta que o seu voto vai ser en contra.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que estamos no punto noveno da orde do día e o seu grupo votou a favor en catro deles. Di isto para que non lle digan que votan todo en contra e aquí os que parecen nerviosos, aínda que están gozando da vitoria, son os membros do Grupo Popular. A posición do Grupo Socialista con respecto ó servizo que presta a Deputación de recollida de lixo xa é coñecida, e cando ten que dicir que algo se fai ben o di, pero non están de acordo con esta ordenanza porque se prexudica ó rural. Xa saben que os custos son maiores, pero a maioría dos concellos que están neste servizo é porque cren no público e as administracións públicas teñen que defende-lo principio de eficiencia e eficacia, que é o que o Grupo Popular defende e sempre pon en valor, e iso todo está moi ben pero sempre e cando se faga así, e con esta ordenanza non se está a facer así. Ó final, se os concellos do rural non agrupan os colectores, que é un tema bastante complexo, van ter que pagar unhas cantidades moi importantes (uns 17 euros por colector). Xa explicou na Xunta de Portavoces que habería que reunir ás comisións das unidades de xestión e sentarse a falar disto. Sabe que non vai ser así e que se vai aprobar esta ordenanza, polo que cre que ten razóns suficientes para votar en contra dela. O seu grupo defende que haxa que paga-los servizos mediante un prezo público ou unha taxa, pero as cousas hai que facelas con cabeza. Pensa que ninguén se vai adscribir a este servizo ata que se privatice ou semiprivatice -tema do que falará no seu día porque o Sr. presidente sabe a súa opinión como grupo, que é que a Deputación sempre ten que ter control sobre ese tipo de xestión-. Vaise aprobar unha ordenanza que lle vai poñer-las condicións favorables a algunha empresa que vai obter un beneficio (se non se sabe cal é xa a empresa), porque ten datos dalgunha empresa que presta o servizo de lavacolectores máis barato. Reitera que defenden que os servizos teñen que ter unha taxa ou un prezo e os cidadáns deben sabe-lo custo deles, pero os concellos que están adscritos ó servizo de recollida de RSU deberían ter algún tipo de beneficio respecto dos que non o están e iso (como se lle dixo) non é unha chantaxe para que os concellos que non están adscritos se adscriban porque cada un, dentro das súas competencias municipais, é libre para face-lo queira.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que o Sr. presidente lle encargou á Secretaría Xeral que elaborase unha ordenanza e así se fixo. Conta cun estudo económico e financeiro, como é preceptivo e de obrigado cumprimento no pasarse del. Tódalas posturas son lexítimas e da discriminación positiva que se falou non será el o que diga que non está de acordo, pero os informes xurídicos están para respectalos e ó Sr. Gómez xa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

se lle informou que o que pedía era de dubidosa legalidade. En canto a beneficiar ós concellos que están adheridos ó servizo, en certo modo xa é un beneficio que non teñan que anticipa-los cartos para limpa-los colectores. A postura do Grupo Popular é coñecida, sempre respectando os informes económicos que constan no expediente. Pídelle ó Sr. Gómez Pérez que non faga igual que outro compañeiro de Corporación que, en relación con outro expediente, dixo que xa estaba adxudicado antes de empezalo e ó mellor ten que morde-la lingua, porque se referiu á privatización e apuntou que igual xa se sabía cal era a empresa que se ía facer cargo do servizo. Cando se inicie o expediente de privatización este pasará os controis oportunos e todos poderán examinalo e formula-las suxestións ou alegacións que consideren adecuadas. Para finalizar di que non sabe moi ben a que ven mesturar esta ordenanza coa privatización do servizo.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que é un home sensible, sobre todo cando hai problemas graves. De tódolos xeitos di que el non insinuou o que dixo o Sr. Álvarez Dobaño, o que unicamente dixo foi que saibamos que empresa ou empresas van levar ese servizo, e o da privatización non o di el senón que o di o Sr. presidente nese cronograma tan famoso que puxo enriba da mesa. El manifestou que o seu grupo ten un pensamento de cómo se ten que facer esa privatización (ou, como di o Grupo Popular, externalización) que ten que ser controlada pola Deputación. Marcóuselle un horizonte do mes de xuño e pensa que ata o mes de xuño non vai lava-los colectores ninguén porque ninguén vai pagar iso. Vaise privatiza-lo servizo no mes de xuño, como se di por parte da Presidencia, e as ofertas que fagan as empresas levan aparellado o lavado de colectores, pero a Deputación xa se adiantou e agora ó mellor as ofertas son doutro xeito. Está falando como deputado provincial porque a el non lle afecta esta ordenanza, e reitera que con esta ordenanza estamos errados, e senón xa se verá, porque non vai haber ningunha solicitude para lava-los colectores de aquí a xuño.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, pregúntalle ó Sr. Rodríguez Puga (en ton de broma) se deixou de faltar pola súa culpa e se foi así pide mil desculpas. Dille ó Sr. Gómez Pérez que sensibles parece que están todos. É certo que o horizonte que se lle puxo á externalización (ou privatización) do servizo foi xuño de 2013, pero en todo caso este é un servizo que se lle está demandado á Deputación e este servizo hai que regulalo, e tanto os técnicos como o grupo de goberno é para o que están, e lle dan resposta xurídica e formal á regulación dun servizo demandado. Non quere ser profeta (profetas hai moitos e logo se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

equivocan), o único que sabe é que se vai regula-lo servizo e ó 1 de xaneiro de 2013 estará regulado tanto se o piden os concellos como se non o piden. Moralmente podemos estar todos de acordo, pero hai que averse ós informes xurídicos e agacha-la orella.

O **Sr. presidente** di que lle agrada que estean todos especialmente sensibles esta mañá. Esta é unha ordenanza máis que vai regula-lo servizo de lavacolectores, que non é a externalización do servizo, que ten un horizonte do mes de xuño de 2013. No prego que se elabore para a externalización pódese recoller que as empresas que se presenten melloren os prezos que forman parte desta ordenanza. O que se persegue con esta ordenanza é regula-lo servizo e que a partir de xaneiro de 2013 estea operativo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo provincial de lavacolectores de residuos sólidos urbanos, co seguinte contido:

**Artigo 1.- Obxecto e definicións.**

Constitúe o obxecto da presente Ordenanza a regulación do servizo público provincial de lavado de colectores de recollida de residuos sólidos urbanos.

O servizo provincial de lavado de colectores de recollida de residuos sólidos urbanos é un servizo público de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, creado no exercicio das competencias de cooperación cos concellos atribuídas ó goberno provincial polos artigos 36.1.b) da Lei de bases de réxime local e 109.1.b) da Lei de administración local de Galicia.

O obxecto e finalidade do dito servizo público é a prestación do servizo de lavado dos colectores de residuos sólidos urbanos, en réxime de Dereito público e a prol dos concellos, mancomunidades ou consorcios locais da provincia de Ourense que exerzan a competencia de xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, calquera que sexa o modo de xestión deste servizo.

**Artigo 2.- Contido do servizo provincial de lavado de colectores de recollida de residuos sólidos urbanos.**

1. O servizo provincial de lavado de colectores de recollida de residuos sólidos urbanos comprende, como prestación mínima garantida, a realización dun lavado anual dos colectores tanto da fracción resto (bolsa negra) como de envases lixeiros (bolsa amarela). O lavado poderá

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

ser simple (introducindo o colector no vehículo lavacolectores) ou intensivo (que inclúe unha primeira acción de limpeza con rasqueta e lavado con lanza de alta presión, antes da introdución no vehículo lavacolectores, incluíndo tamén un repaso posterior, de ser preciso). A tipoloxía de lavado determinarase pola entidade local beneficiaria na súa solicitude.

2. O servizo non inclúe o baleirado previo dos colectores, que deberá realizarse pola entidade local interesada con carácter inmediatamente anterior á acción de lavado, nin a subministración de auga, cuxo gasto correrá a cargo da entidade local solicitante. Tampouco inclúe o traslado dos colectores de zona rural a un punto de lavado en zona urbana, no caso de que a entidade local interesada elixa esta opción conforme co establecido nos artigos 3 e 4 da presente Ordenanza. Este traslado deberá levarse a cabo pola entidade local interesada.

3. A Deputación Provincial garante unicamente un lavado anual por entidade local. Non obstante, e en función das disponibilidades do servizo, poderán realizarse lavados adicionais, sempre e cando estea garantida a realización do lavado mínimo a tódalas entidades locais que o solicitasen en prazo. No suposto en que só poida realizarse un número de lavados adicionais inferior ó de solicitudes existentes, as entidades locais beneficiarias determinaranse por rigorosa orde cronolóxica de entrada de solicitudes no rexistro xeral de documentos da Deputación. No suposto excepcional de que houberse solicitudes que chegasen de xeito simultáneo ó rexistro de entrada, a determinación da entidade beneficiaria levarase a cabo mediante sorteo realizado en acto público.

**Artigo 3.- Acceso ó servizo: procedemento e prazos de solicitude.**

1. O acceso ó servizo realizarase trala solicitude previa da entidade local interesada, dirixida á Presidencia da Deputación, a cal poderá realizarse en soporte papel ou telematicamente no rexistro electrónico dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial. Na dita solicitude indícarase o tipo de servizo solicitado (lavado simple ou intensivo) o tipo e número de colectores (bolsa negra ou bolsa amarela) e os núcleos de poboación para os que se solicita. Na solicitude indícarase ademais se a entidade local interesada opta polo traslado de colectores de zonas rurais a un punto urbano de lavado, para os efectos da aplicación da tarifa de lavado de colectores de zonas urbanas.

A Presidencia poderá establecer un modelo normalizado de solicitude, para facilita-la súa presentación polas entidades locais interesadas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

2. O servizo deberá solicitarse antes do 31 de xaneiro de cada exercicio. As solicitudes que teñan entrada no rexistro da Deputación con data posterior serán atendidas unicamente cando estea garantida a cobertura do servizo mínimo anual correspondente ás solicitudes formuladas en prazo.

3. As solicitudes serán resoltas mediante unha única resolución da Presidencia, que establecerá as datas e puntos de lavado e as entidades locais beneficiarias, incluíndo a liquidación dos prezos públicos esixibles. Esta resolución non será obxecto de notificación individualizada, facéndose pública unicamente a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

**Artigo 4.- Prezos públicos. Contía e modo de pago.**

1. Establécense os seguintes prezos públicos polos servizos de lavado de colectores de residuos sólidos urbanos:

- a) Lavado simple de colectores en zona rural: 9,70 € / unidade
- b) Lavado simple colectores en zona urbana: 5,00 € / unidade
- c) Lavado intensivo de colectores en zona rural: 17,50 € / unidade
- d) Lavado intensivo de colectores en zona urbana: 7,75 € / unidade.

2. Para os efectos da aplicación das tarifas sinaladas, consideraranse colectores de zona urbana os situados en núcleos de poboación de máis de 1.000 habitantes oficialmente recoñecidos no momento da solicitude.

3. No caso de colectores de zonas rurais, as entidades locais interesadas poderán beneficiarse da aplicación das tarifas de lavado de colectores de zonas urbanas mediante o seu traslado, pola súa conta, a unha zona urbana, para o seu lavado conxunto cos colectores da dita zona. O Servizo de Augas e Medio Ambiente informarlles ás entidades que o soliciten dos puntos de lavado máis próximos dispoñibles.

Igualmente, aplicaranse as tarifas de zona urbana cando se trasladen para o seu lavado conxunto a un único punto de zona rural os colectores de dous ou máis núcleos de poboación que conxuntamente superen unha poboación de 1000 habitantes.

4. Os prezos públicos sinalados actualizaranse automaticamente cada 1 de xaneiro, por aplicación do IPC correspondente.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

5. As tarifas dos prezos públicos recollidas na presente Ordenanza non inclúen os impostos indirectos que poidan grava-la prestación do servizo. No seu caso, estes impostos serán repercutidos ás entidades locais beneficiarias conforme coa lexislación fiscal vixente.

6. Será requisito necesario para a prestación do servizo o depósito previo do importe total dos prezos públicos liquidados na conta corrente de titularidade provincial que se indique na resolución da Presidencia á que se refire o artigo 2.3 da presente Ordenanza, cunha antelación mínima de quince días naturais á data prevista para a acción de lavado. No suposto en que a entidade local interesada non realice o ingreso nese prazo, entenderase que desiste da súa petición, cancelándose automaticamente a prestación do servizo.

Non obstante o anterior, quedan exceptuadas da obriga de depósito previo do prezo público as entidades locais que teñan delegada na Deputación Provincial a recadación dalgún dos seus impostos. Nestes casos, a Deputación procederá á retención das cantidades correspondentes da recadación líquida dos impostos municipais, entendéndose que a solicitude do servizo de lavado de colectores implica a conformidade para a realización da dita retención.

**Artigo 5.- Réxime especial dos concellos que teñan delegado o servizo de recollida de r.s.u na Deputación**

A presente ordenanza non será de aplicación ós concellos que teñan delegada na Deputación as competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. Neste suposto, a prestación de lavado de colectores incluírase no conxunto de prestacións que integran o servizo municipal ou intermunicipal delegado de recollida de residuos sólidos urbanos, rexéndose polo establecido nos correspondentes convenios de cooperación.

Non obstante o anterior, si serán de aplicación a estes concellos as tarifas polo servizo de lavado establecidas no artigo 3, que serán repercutidas na liquidación do servizo delegado, nos prazos e modo previsto nos correspondentes convenios de cooperación.

**Disposición derogatoria**

Queda derogada calquera disposición xeral de igual ou inferior rango xerárquico no que se opoña, contradiga ou resulte incompatible coa presente Ordenanza.

**Disposición derradeira**

A presente Ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2013, unha vez publicado o seu texto íntegro no BOP.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

Non obstante o anterior, as entidades locais interesadas poderán formula-las súas solicitudes con anterioridade á data de entrada en vigor, a partir da publicación desta ordenanza. 2º.- Someter este acordo a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxestións. As ditas reclamacións e suxestións serán resoltas polo Pleno desta Deputación Provincial. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

**10º.- DENUNCIA DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, PARA A CREACIÓN DUN CENTRO-RESIDENCIA DE FORMACIÓN PROFESIONAL AGRARIA E DE HOSTELERÍA DE VILAMARÍN.-**

Trala ratificación por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, anuncia o voto a favor do seu grupo e di que a Escola de Vilamarín, tanto na rama agraria como na de hostelería ten feito un labor moi importante para os mozos e mozas desta provincia, sendo máis relevante a segunda opción, xa que moitos pasaron por esas aulas e conseguiron un posto de traballo. Non obstante, ben é certo que era unha competencia impropia da Deputación Provincial, como tamén é certo que no ano 2011 esa escola xeroulle un gasto ás arcas provinciais de preto de 80.000 euros, por isto están de acordo coa proposta. O seu grupo espera que queden garantidos os estudos que se cursan nese centro sexa cal sexa a negociación. Preocúpanlle-los oito postos de traballo existentes (sete a media xornada e un a xornada completa) e non entenden que estes postos queden a cargo da Deputación, igual que ocorreu con outros servizos, xa que deberían pasar a depender da Xunta de Galicia.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, anuncia que votarán a favor da proposta. O Grupo Socialista sempre defendeu que as competencias impropias pasasen ás entidades que lles correspondían. Dálle a benvida ó Grupo Popular ás posicións do Grupo Socialista, aínda que sexa por necesidade e porque obriga a conxuntura económica. Pensa que a Deputación hai tempo que tiña que terse desfeito das competencias impropias, e ó mellor agora non estariamos pasando por esta conxuntura económica. O seu grupo non está preocupado polo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

que poida acontecer, está preocupado polo que está acontecendo xa que este convenio se denuncia cun ano de antelación e non sabémo-la resposta da Consellería. Que o seu grupo pense que este servizo non o debería presta-la Deputación non quere dicir que sexa un mal servizo, ó contrario, o servizo é bo. O Sr. presidente debe estar sensible e vixiante para que se cumpran os acordos, xa que todos son do mesmo partido político. Dille ó Sr. presidente que se se fai abandeirado deste tipo de situacións tamén se faga abandeirado deste tipo de situacións para os concellos da provincia, para poder denuncia-lo mesmo que se está denunciando aquí (centros educativos, de saúde ...) e terá todo o apoio do Grupo Socialista.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que a postura do Grupo Popular está clara e alégrase de que coincidan todos no fundamental. Isto forma parte do Plan estratéxico que está levando a cabo o Sr. presidente, tanto porque a necesidade obriga como por criterios de goberno, porque esta é unha competencia impropia da Deputación. Antes de facer esta proposta xa houbo negociacións cos responsables da Consellería e desde logo o Sr. presidente estará sensible e vixiante para que se cumpran os acordos. É bo valorar que por ese centro pasaron moitos mozos e mozas que conseguiron un emprego. En canto a custos, os datos exactos do exercicio 2011 foron 102.000 euros de custos de persoal e imputáronse 7.500 euros de custos indirectos, ou sexa, á Deputación supúxolle uns 110.000 euros manter este servizo, polo tanto o aforro a partir de novembro de 2013 será considerable. Na mesma proposta de acordo xa se recolle que a vontade de colaboración da Deputación está moi clara, dado que se ofrece a xestión das instalacións por riba da data de finalización do convenio, 30 de novembro de 2018.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que xa foi claro na súa exposición e que están defendendo o que cren que é xusto. Cando dixo que o Sr. presidente debe estar sensible e vixiante é porque leu unha noticia na que o director xeral de centros e recursos humanos, José María Pinal, dicía “*a Consellería de Educación asegura que a Deputación de Ourense gastou cero euros no mantemento e conservación do IES Vilamarín*”, e nesta situación alguén está mentindo. Pensa que ou el é moi torpe ou entende mal, porque se dixo que xa hai un acordo, de aí que dixera que lle preocupa o que está acontecendo agora dado que as mensaxes que se están enviando son preocupantes en relación coa continuación do servizo. Todos sabemos que a Deputación gastou cartos nese centro e polo tanto hai que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

contradicir a este señor dándolle os datos oportunos, aínda que a cesión do propio inmovible xa supón moitos cartos e ó mellor este señor non sabe o que vale isto e ó mellor o que hai que facer é cambia-lo director de recursos humanos.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que igual lle toca o cambio, porque aínda non sabemos quen vai se-lo conselleiro. Aclara que os datos que deu llos pasou o Servizo de Intervención, e que eran exclusivamente de custos de persoal, razón pola que ó mellor o Sr. Pinal ten razón, porque unha cousa é a xestión e outra é o mantemento e conservación. En canto a falar de competencias impropias, pensa que isto xa se podía ter feito na época do bipartito porque data de anos atrás, e non se fixo nin isto nin moitas outras cousas das que se falan. En relación con outro tipo de denuncias das que falou o Sr. Gómez Pérez, di que todos están dentro do pacto local, e para iso existe a FEGAMP.

O **Sr. presidente** agradécelle-lo apoio ós grupos políticos. Non quere que sexa protagonista desta sesión o Sr. Pinal, director xeral, senón que o protagonista desta sesión debe se-lo feito de recoñecer todos que este é un servizo impropio no que viña colaborando esta Deputación. Coa denuncia deste convenio, á parte dun importante aforro en custos de persoal (máis de cen mil euros anuais), preténdese garantir que o centro siga funcionando co mesmo éxito que ten acadado en todos estes anos. No tempo que leva como presidente da Deputación ningún grupo solicitou a denuncia deste convenio. Esta é unha proposta do grupo de goberno á vista da situación, e iníciase con este acordo que se vai adoptar para deixar de colaborar nun servizo impropio e para aforrar unha importante cantidade de diñeiro anualmente.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Denuncia-lo convenio do 30 de novembro de 1988, subscrito entre a Deputación Provincial de Ourense e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para a creación dun Centro-Residencia de Formación Profesional Agraria e de Hostelería en Vilamarín, co obxecto de que con efectos do 1 de novembro de 2013 o dito convenio quede modificado nos termos seguintes:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

- Suprimi-las actuais cláusulas 10ª, 13ª e 14ª, facendo constar en cambio que tódolos gastos de xestión, conservación e mantemento do centro corresponderanlle, a partir da mencionada data, á Xunta de Galicia, ó tratarse dun servizo da súa competencia.

2º.- Notificarlle a denuncia do convenio, nos termos sinalados, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ofrecéndolle á dita consellería a posibilidade de, respectando a modificación indicada no apartado anterior, prorroga-la cesión de uso do inmovible máis alá da data do vencemento inicial do actual convenio, é dicir, con posterioridade ó 30 de novembro de 2018, co fin de garanti-la continuidade do Centro de Formación Profesional de Vilamarín.

**11º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE XULLO DE 2012 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 4º DE XANEIRO, 1º DE ABRIL, 1º DE MAIO E 1º DE XUÑO DE 2012.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de xullo de 2012 e dos seguintes adicionais: 4º de xaneiro, 1º de abril, 1º de maio e 1º de xuño de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

**12º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE XULLO DE 2012 E DO 1º ADICIONAL DE XUÑO DE 2012.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de xullo de 2012 e do 1º adicional de xuño de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

**13º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Trala declaración da súa urxencia, por unanimidade, tratouse a seguinte moción:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

**13ªA.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O ARRANXO E SOLUCIÓN DOS PROBLEMAS DA ESTRADA DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS OU-0807 A SAN VICENTE DE LEIRA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, antes de entrar no asunto da moción dille ó Sr. presidente que eles non coñecen tódolos convenios que ten esta casa para poder denuncialos. Levan máis de vinte anos denunciando as competencias impropias da Deputación, por iso lle parece inxusto o que dixo o Sr. presidente. En canto á moción, di que isto si que é unha competencia propia da Deputación e se se fixesen os deberes no seu día o veciños de San Vicente de Leira non terían o problema que teñen agora. O Sr. presidente leva pouco tempo na Deputación, pero estes veciños levan máis de doce anos reivindicando unha solución a un problema gravísimo porque non poden acceder ás súas casas, e se poden acceder fano de forma ilegal porque hai un sinal que o prohibe. Segundo a Deputación de Ourense a estrada corre un grave perigo de derrubamento, polo tanto tamén os vehículos e as persoas que circulen por ela. Colocáronse sinais que prohiben a circulación pola estrada e os veciños non teñen outro acceso ó pobo. O mesmo lles pasa ós traballadores dunha canteira situada a medio camiño nesa estrada. A Deputación afirma que o perigo da estrada é grande, pero non atopa ou non quere atopar unha solución, xa que se tiveron moitas reunións e non se chegou a nada. Por outra banda, Minas (dependente da Consellería de Industria) considera que non hai tal perigo, e isto é unha contradición. O seu grupo pide que se resolva esta contradición entre a Deputación e Minas sobre se é perigoso o uso desta estrada para os veciños e que se busque unha solución inmediata para a estrada OU-0807 e que se acometan tódolos arranxos necesarios. Xa sabe que lle van dicir que se están a buscar solucións, pero o certo é que os veciños teñen un grave problema e esta é unha competencia propia da Deputación e se non se pode afrontar pola conxuntura económica, polo menos chegar a un entendemento coa administración que está dicindo todo o contrario que o que se di nesta casa. Estamos nun momento no que ninguén pode entender esta situación e hai que intentar arranxala con solucións e pídelles ó Sr. presidente e ó seu grupo que a arranxe que para iso é o grupo de goberno.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, anuncia que votarán a favor da moción e dada a importancia do seu contido debería contar co apoio de tódolos grupos. Este problema xa ven do século pasado e haxa moitos ou poucos veciños en San Vicente hai que buscarlles unha solución, xa que as súas vidas e as dos traballadores da empresa extractiva están en perigo con motivo dos derrubamentos que se poidan producir. Desde o ano 1998 estamos a vivi-las contradicións nas decisións que toma este ente provincial, apoiando a actividade extractiva e non ós veciños, que son os verdadeiramente prexudicados. Por iso piden que se lle busque unha solución e piden tamén o apoio do Grupo Popular á moción.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que case o cen por cen das mocións que se presentan por urxencia se debaten no Pleno, e o mesmo Sr. Gómez Pérez di que isto xa ven de doce anos atrás, polo que non entende a urxencia desta moción, para pedir dúas cousas máis ou menos inconcretas. A responsabilidade do grupo de goberno é buscar solucións, pero a oposición tamén as pode achegar e non só pedir que se busquen, porque despois deses doce anos non ten constancia de que ningún dos grupos da oposición presentase algunha para que se estudase. Adianta que van votar en contra da moción, non porque non estean de acordo co fondo do asunto, senón porque o que se pide na moción ou non é verdade ou xa se está facendo. Non coñece o problema in situ, pero procurou informarse adecuadamente e en canto ó primeiro punto da moción para que se resolva a contradición entre a Deputación e Minas, di que foi precisamente a Dirección Xeral de Minas da Xunta de Galicia o organismo causante do peche da canteira, entón no é que a Deputación diga que non se pode pasar e Minas diga que si. Con posterioridade, o 25 de maio deste ano, foi novamente notificada a empresa Cavima pola Dirección Xeral de Minas para que presentase, no prazo dun mes, un plan de seguridade actualizado e axustado á realidade, porque había contradicións á hora de interpretar o primeiro plan de seguridade que tiña presentado. A Deputación tamén redactou as súas alegacións con data agosto de 2012 e está á espera da resolución da Xunta de Galicia nese asunto concreto. Con respecto ó único acceso que di o Grupo Socialista que ten San Vicente, é certo que o acceso principal sempre foi pola vía provincial OU-0807, pero existe outra estrada de titularidade municipal, polo Mazo, que permite chegar ó núcleo de San Vicente, polo tanto, os veciños de San Vicente non están incomunicados, aínda que é certo que esa estrada é moi mala. En canto a que se di que non existe proxecto redactado despois de doce anos, cita algúns como o proxecto dunha ponte sen afectar á canteira, que non foi posible a súa execución xa que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

a enorme masa de terras en movemento, segundo estudos xeotécnicos, afectaría ás pías da estrutura. Tres estudos xeotécnicos encargados pola Deputación Provincial con implantación, no último, dun modelo dixital para a predición de movementos e determinación do nivel de recheo da valgada nos que participaron profesores da Universidade de Vigo e profesionais de gran experiencia. Proxecto de realización de drenaxe nas ladeiras mediante perforacións de máis de trinta metros de profundidade ata alcanza-la superficie sobre a que están a moverse as terras e que unha vez iniciadas as obras se puido comprobar que o nivel de alteración e inestabilidade dos materiais era tal que os drenes se desfacían e incluso non se recuperaron cabezas perforadoras atrapadas nos buratos feitos na montaña. Trazado da variante pola parte baixa do pobo de San Vicente. Trazado dunha variante no alto da montaña e afectando á parte da ladeira estable. Acceso ás instalacións de Pizarras Gallegas utilizando unha pista forestal. Estudo topográfico de precisión para determina-lo valor numérico dos movementos que se estaban a producir na estrada OU-0807. Estudo dos custos de recheo da valgada. Prego de condicións para a contratación da redacción do proxecto de recheo de máis de 50 metros de altura na valgada na que está situada a plataforma da canteira. Con isto queda claro que desde a Deputación se está a traballar, de acordo con plan establecido nun convenio con Cavima para o recheo da plataforma na que está a mina. Na última reunión, na que estaban presentes o Concello de Vilamartín, veciños, a Deputación e Cavima, acordouse, a proposta desta última, a presentación dunha alternativa de trazado, tratando de mellora-la antes feita polos servizos técnicos da Deputación, para a súa posterior análise. No Servizo de Vías e Obras estase estudando esta alternativa, todo isto neste mes de outubro. Reitera que non poden votar a favor de algo que non é verdade (a contradición mencionada) ou porque din que non se está a facer nada cando si se está a facer. Calquera actuación das que falou, agás a última que está en estudo, custaría uns cinco millóns de euros. Pide seriedade e manifesta que as propostas teñen que se posibles tecnicamente e viables economicamente, e iso é a responsabilidade, o demais e demagogia e oportunismo.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que demagogia e oportunismo é dicir que traemos unha moción por urxencia e envolve-lo debate dese xeito, cando o portavoz popular sabe ben porque se trouxo a moción por urxencia. Nesta casa había un costume de que non tiveran lugar os plenos en época electoral, e por iso non presentaron antes a moción. Lembra que neste pleno non se aprobou a urxencia doutra moción sobre un

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

tema do que se levaba falando máis de quince días, pero como non interesaba falar del non se aprobou a urxencia. Pídelle ó Sr. Álvarez Dobaño que todo o que acaba de dicir lle-lo traslade ós veciños. Como exemplo, pode asegurar que se este tema ocorre no Barco de Valdeorras e os seus cidadáns son os que quedan illados xa estaría todo resolto. Non se pode tachar isto de oportunismo porque esta reivindicación lla trasladou o alcalde de Vilamartín xa hai tempo e puido tela usado en campaña electoral e non o fixo. En canto a buscar solucións non se lle pode bota-la culpa á conxuntura económica, porque desde hai doce anos nesta casa cambiou moito, gastando diñeiro noutras cuestións (estamos a falar de setenta e un millón de euros por ano). En canto á alternativa da que falou o Sr. Álvarez Dobaño di que o transporte público non chega por esa estrada e a solución a ten que busca-lo Grupo Popular, que é quen ten a responsabilidade de gobernar, porque esta si é unha competencia da Deputación. En canto á contradición di que si existe e o demostra un sinal, e pídelle ó presidente e ó portavoz que vaian alí igual que facía o presidente anterior, que si pateaba os sitios e coñece perfectamente como estaba esa situación. O portavoz dixo que se estudara un prego de condicións para redactar un proxecto, pero o proxecto non se ve por ningún lado nin se ven solucións, polo que as hai que buscar. Para rematar di que antes o portavoz dixo que era de titularidade municipal e non é municipal, que é da Deputación.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** pensa que hoxe non está moi acertado nas súas intervencións, porque se lle interpreta bastante mal, xa que dixo que era de titularidade municipal a vía alternativa, non a OU-0807, en todo caso, se se equivocou pide desculpas pero quere que quede isto claro. Reitera que non hai contradición e xa manifestou polo que, e di que quen pechou a estrada foi a Dirección Xeral de Minas, e agora deulle un prazo a Cavima para presentar un plan de seguridade axustado á realidade e isto está pendente de resolución. O convenio que se asinou con Cavima, que coñecen tódalas partes citadas, ten un horizonte de cumprimento do ano 2014. Reitera as dificultades técnicas e económicas que ten a obra que se pretende, porque se falou dunha altura duns cincuenta metros e iso suporía un custo duns oitocentos millóns das antigas pesetas (lembra que o custo dos plans provinciais viñan tendo un orzamento total duns mil millóns de pesetas). O grupo de goberno asume a súa responsabilidade e saben que quen non ten culpa deste problema son os veciños, por iso están buscando solucións, pero que sexan posibles tecnicamente e viables economicamente. Á parte deste convenio, existe outra alternativa que puxo a empresa enriba da mesa, que é a nova

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

variante que se está a estudar e que, segundo os técnicos, sería menos custosa en aparencia. Quere lembra-las contradicións e os distintos intereses que rodean todo isto, incluso os propios veciños queren alternativas pero que non pasen polos seus terreos e non lles dá nin lles quita a razón. Aquí hai que ensamblar moitos intereses de todo tipo e a Deputación non escapa da súa responsabilidade como o demostran os feitos.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que polo menos están de acordo en algo, que é que os veciños non teñen a culpa de nada. O Grupo Popular vai votar en contra dunha moción que non é tan problemática. Se o grupo de goberno ten o compromiso coa empresa e teñen a solución enriba da mesa cun horizonte do ano 2014, pide que se presenten ante os veciños e que lla expliquen, e ó mellor xa non procedía a moción. Postos a facer demagogia e como se falou do custo dos plans provinciais traducidos a pesetas, se botamos contas en doce anos o orzamento da Deputación serían mil millóns de euros, que traducidos a pesetas serían cento sesenta e seis mil millóns que gastou esta Deputación, entón ben se podía ter arranxado o problema, aínda que fose en diferentes anualidades. Para finalizar di que non usen xa o mesmo argumento de que durante tres anos estivo o goberno bipartito, porque iso xa está máis que pagado como o demostran as urnas, pero se a cidadanía lles dá lexitimidade para gobernar o que teñen que facer é arranxár-lle-los problemas.

O **Sr. presidente** di que debe haber algún erro na cifra que acada de da-lo Sr. Gómez Pérez de cento sesenta e seis mil millóns. O certo é que este é un tema que lle preocupa á Deputación, estase a traballar nel e falando del durante doce anos. Di que estivo alí en varias ocasións e mantivo reunións desde o tempo que leva sendo presidente da Deputación (hoxe hai 263 días e aínda que lle quedan 102 para cumprir un ano) e pensa que se lle pode dar unha solución unha vez que se avalíe esa alternativa que presentou a empresa. En cuestión de días terá lugar unha xuntanza entre o concello, a empresa, a Deputación, incluso coa Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, para estudar isto e como cren que o que se pide na moción xa se está a facer polo grupo de goberno desde hai tempo e non necesita ningún tipo de impulso, porque están comprometidos coa súa solución, é por iso que votarán en contra.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e ó obte-lo voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

#### **14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista** di que hai unha modificación de recoñecemento extraordinario de créditos para un cadro titulado Domus Omnia Demetrio VII, por importe de 41.999,84 €. Pregunta se isto é así e se é verdade que existe este pago despois de ter falado tanto de austeridade co aforro dos 3.000 € dos se falou anteriormente noutro punto da orde do día. Sen entrar a valora-las cuestións de cómo se pode determina-lo que valen ou non valen determinadas obras culturais ou demais, pregúntalles ó Sr. presidente e ó grupo de goberno se teñen coñecemento disto, aínda que imaxina que si. Como consecuencia disto e xa que o grupo de goberno fala de austeridade e presumen dela, pensa que é bo poñer isto en valor, porque este non é un gasto aceptable nos tempos que corren.

O **Sr. presidente** contesta que efectivamente este é un acordo da Xunta de Goberno pola compra dunha obra de Antón Lamazares en anos anteriores (non sabe se foi en 2011 ou 2010). É unha débeda que mantíña esta Deputación e que queda saldada con ese pagamento por unha obra de Antón Lamazes, do que seguro que o Sr. Gómez Pérez coñece a súa traxectoria.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, pregúntalle ó Sr. presidente se considera que este gasto é necesario nestes momentos, sen entrar a valora-la obra.

O **Sr. presidente** contesta que considera que é unha débeda da Deputación que se paga, e tamén considera que se non se pagase o artista a reclamaría e o Sr. Gómez Pérez preguntaría nalgún pleno porqué non se lle paga a Antón Lamazares o importe do cadro que se lle comprou no seu momento.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, en relación coa estrada 0508 entre a ponte dos Gozos e Parada do Sil, ó seu paso por Pereiro, di que no seu día xa fixeron varias preguntas sobre a necesidade de varias rotondas, unha delas preto do Ben Cho-Sey, e os informes técnicos aconsellaban que preto do colexio non se debería habilitar unha rotonda, non obstante, uns metros mais adiante entre o cruzamento de varios viarios (Cortiñas, Loñoá) con esta estrada provincial, os técnicos si que aconsellan construír unha rotonda. Lembra que o anterior presidente se comprometeu ante os veciños, hai anos, a construír esta rotonda, e queren saber se se vai adoptar-la decisión política de construíla, pois está claro que os técnicos a consideran aconsellable. A segunda pregunta está relacionada co proceso selectivo dos servizos sociais comunitarios que está tendo lugar nos últimos días, e queren preguntarlle en qué punto se está na contratación do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

persoal e como se está realizando. Por último, sobre a Escola de Artes e Oficios, e como ten habido varios vaivéns ó longo do ano (primeiro parecía que se ia pechar, logo se fixeron bases para cobrar) queren saber se verdadeiramente, de cara ó curso 2013-2014, se vai continuar (está claro que o presente curso si se vai facer) ou se vai a prescindir da Escola ou que é o que vai pasar con ela.

O **Sr. presidente** contesta, en relación coa rotonda na estrada 0508, que lle solicitará o informe correspondente ó departamento desta Deputación para facerlle chega-las conclusións, e tamén, se pode, a decisión política que se tome. En canto ó proceso selectivo do programa Ben Ourense, en relación co convenio asinado coa Xunta de Galicia para a contratación de persoal, di que aínda non se contratou a ninguén, ninguén está contratado, de momento estase na fase que está prevista nas bases que regulan este procedemento, na comisión paritaria entre Xunta de Galicia e a Deputación Provincial, pero a día de hoxe non existe ningún contrato asinado. Dille á Sra. Morenza que lle pasará unha copia das bases que regulan esta situación. Con respecto á Escola de Artes e Oficios, cando se anunciou que pecharía a Escola en 2013 foi porque esta é unha iniciativa que aínda se pode facer, porque en 2013 remata o curso 2012-2013. No pasado pleno aprobouse unha ordenanza para poder cobrar unha matrícula e ver realmente o número de alumnos por disciplina, e ve-la operatividade real desta Escola. Sabemos que estamos falando de servizos impropios e que existe tamén unha escola similar dependente da Administración autonómica que tamén ten éxito nesta cidade. Dille á Sra. Morenza que lle pasará un informe en relación co número de matriculados a día de hoxe, para ver como foi o nivel de matrícula comparado co curso anterior, no que había máis de trescentos inscritos que non pagaban nin sequera o material utilizado para acudir a esas clases, e en función da rendibilidade deste ano se decidirá se se segue ou non coa Escola .

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG** , dille ó Sr. presidente que non sabe se coñece o que pasou no Pleno pasado coa xente que entrou nesta Deputación polas preferentes, en relación coa xente que estivo intimidando ás persoas que estaban aquí. e non sabe se ten algunha valoración sobre isto. Gustaríalle saber, por unha banda, que relación ten esa xente coa Deputación e por outra banda, se é posible que haxa unha gravación de imaxes dese día e se llas pode servir.

O **Sr. presidente** contesta que lle pasará toda a información da que dispoña para ese día, da xente que se acreditou e que estivo aquí, así como de tódalas imaxes, gravacións orais etcétera, das que se dispoña, sen ningún tipo de problema.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2012</b>
---

E, ás 13:30 horas do citado día vinte e seis de outubro do ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**